



As nosas razóns

A CIG solicitou un pleno extraordinario do comité para votar unha petición de dimisión do presidente do comité.

O voto da **CGT** foi a **favor**. Con ese voto, quixemos manifestar o noso rexeitamento á degradación que vive o comité, que só funciona cando a CCOO lle convén. Un exemplo recente:

- Xoves 28 de maio, 10:42: O presidente da comisión de Formación pide no wasap da permanente unha reunión para falar desa bolsa de emprego na que tan interesado está CCOO.
- Xoves 28 de maio, 10:46: A permanente queda convocada para o día seguinte. Tempo transcorrido: **4 minutos**.
- Luns 8 de xuño: No wasap da permanente, a **CGT** pide unha reunión para falar das vacacións pendentes e a devolución de horas.
- Xoves 18 de xuño: Convócase un pleno para o luns da semana que vén. Tempo transcorrido: **10 días**.


Pero o principal motivo do noso voto foi algo realmente grave acontecido o domingo 15 de marzo, día en que a empresa comunicou a suspensión da actividade polo coronavirus.

O director convocou ó comité pedindo que só asistise o presidente. Por acordo de tódolos sindicatos menos CCOO (14 delegados fronte a 9), decidiuse que acudiría unha representación da permanente (unha persoa por sindicato) e que manterían unha xuntanza antes de reunirse co director.

CCOO non asistiu á xuntanza previa. Tampouco informou do lugar da reunión co director, pero os representantes de MAS, CIG, UGT e **CGT** se presentaron alí. E cando o director aceptou que participasen na reunión, Galán dixo que entón o que non participaba era el, e **abandonouna**.

Non dixemos nada daquela porque había cousas moito máis importantes das que ocuparse. Pero que o presidente do comité se crea con dereito a **violar as decisións do comité e impoñerlle a súa vontade**, é un comportamento **moi grave** e totalmente **antidemocrático**.

¿Hai unha campaña de "acoso y derribo" contra o comité? Haina. Pero está **encabezada por CCOO**.



Que teñen que ocultar?

O comité de empresa ten varias comisións, cuxa composición depende dos resultados electorais.

Pero o lóxico é que tódolos sindicatos teñan dereito a participar en todas elas, para estar ó tanto de tódolos temas.

E así viña sendo: UGT participa na permanente e na comisión de Formación; MAS participa en Industria Auxiliar e en Asuntos Sociais; **CGT** participa en Asuntos Sociais.

CGT pediu agora a inclusión na comisión de Produtividade. CIG e MAS estiveron de acordo. Pero CCOO e UGT dixeron que **non**. Por que vetan á **CGT**? **Que teñen que ocultar?**

Cádiz: a sanción segue sen resposta

Tanto o comité de Cádiz, como o intercentros e o resto de comités seguen sen dar unha resposta sindical á altura da agresión que supón unha sanción de 40 días ó coordinador de prevención. Xa van dous comunicados do intercentros que se quedan nas palabras. E vai máis dunha semana.

O único que se fixo ata agora foi unha concentración nas portas de Cádiz este mércores, que se repetirá todas as semanas, absolutamente insuficiente para facer retroceder á empresa.



E máis se a sección sindical de CCOO a boicotea e non participa. ¿Terá algo que ver que **tres** dos catro delegados de CCOO en Cádiz son membros do **comité de dirección** da factoría?

A única linguaxe que entenden as empresas é a de golpear a produción.

A **CGT** vai propoñer mobilizacións contundentes e inmediatas

contra esta agresión e as demais que a empresa vén realizando nos últimos tempos.

Novos ingresos

O pasado outono houbo un forte debate entre a **CGT** e CCOO-MAS en torno o período de subsanación de erros. Oímos argumentos neoliberais: sería privilexiar a quen o fixo mal e prexudicar a quen o fixo ben, que o fixeran ben á primeira, que as bases estaban moi claras... As deficiencias da aplicación informática non parecían importar. A culpa era da xente.

Finalmente está habendo subsanación de erros. E faise por correo electrónico, o cal é un recoñecemento de que a aplicación é unha **merda**.

Pero volveu haber problemas. ¿E que fai o comité? Sacar un comunicado **surrealista** dando instrucións sobre como escanear, que formato utilizar... Máis do mesmo: no fondo a culpa é da xente, que non fai as cousas ben.

Non se sacan comunicados informando sobre a situación das diferentes convocatorias (como propuxo a **CGT** o martes da semana pasada), pero si se sacan comunicados **sen unha soa crítica** á empresa, que é a responsable de toda esta desfeita polo seu interese en **subcontratar** e **mangonear**.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



CGTNavantiaFE

Segue o despilfarro

Navantia vén de contratar á empresa de Lalo Azcona, antigo presentador da TVE e agora principal accionista individual do grupo Indra.

Que non haxa cartos para rematar o convenio, EPIs suficientes ou moitas outras cousas, e os haxa para meter 360.000 € nunha empresa de comunicación é impresentable.

Como é ben sabido, Navantia non vende barcos con anuncios na TV ou nos xornais, véndeos cando cumpren os requisitos dos potenciais clientes e cando os políticos poñen da súa parte para que os contactos internacionais dean os seus froitos.

O peso que se está dando a Indra en tódolos programas militares pode estar detrás.